

## DECRETO DA ALCALDÍA

### ASUNTO: NOMEAMENTO DE ADMINISTRATIVA DO GABINETE ALCALDÍA

#### EXPEDIENTE:8289/2021

En sesión plenaria de 02.07.2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Mais concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (4) son 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía e 2 auxiliares administrativos/as para o Goberno.

Con data 16.04.2021, María Isabel González Cancela, (administrativa de gabinete), presenta a súa renuncia a persoal de confianza, quedando ese posto de administrativo vacante en Gabinete da Alcaldía.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve**:

**Primeiro.-** Nomear persoal eventual de confianza de Gabinete Alcaldía a **Elisa Suárez Vázquez** con [REDACTED], coa categoría profesional de administrativa de Gabinete de Alcaldía.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 02.07.2019. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Terá unha retribución bruta anual de 27.319,89 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

**Segundo.-** O nomeamento terá efectos dende o 12.07.2021, previa aceptación de Elisa Suárez Vázquez.

**Terceiro.-** Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Ames, 08 de xullo de 2021

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I